

Primeira circular

II Congreso

As Outras Protagonistas da Transición:

Mobilizacións sociais e esquerda radical

Os días 24 e 25 de febreiro de 2017 tivo lugar en Madrid o congreso "As Outras Protagonistas da Transición", ao que seguiron, os días 26-30 de setembro en Barcelona, as xornadas *Altres protagonistes de la Transición*. Un dos obxectivos dos organizadores foi dar eco nos medios académicos e proporcionar maior visibilidade aos movementos sociais e propostas revolucionarias que proliferaron nos anos setenta, así como permitir unha análise en profundidade das características do proceso de cambio político que desembocou na actual democracia parlamentaria, e cara ao que moitos deses colectivos dirixiron unha mirada crítica.

O elevado número de comunicacións presentadas (unhas cen), froito tanto de experiencias militantes como de traballos de investigación, amosa o interese xerado pola temática, do que é tamén unha proba tanxible o aumento significativo experimentado nos últimos anos os estudos dedicados a ela. O contido das comunicacións e das discusións que estas fomentaron, organizados en 21 mesas-obradoiro, axudou a destacar o papel dos grupos e movementos que aspiran a un cambio radical nun período que foi, de feito, o da súa grande eclosión. A amplitude dos contidos abordados dános unha idea da multiplicidade de actores implicados: desde o movemento obreiro ao estudantil e ao veciñal, desde o movemento LGBTI e o feminismo ao ecoloxismo, o pacifismo e o antimilitarismo, desde comunistas a autónomos e libertarios.

Recollendo a proposta do comité organizador do encontro de Madrid, e co ánimo de manter vivo o seu espírito e obxectivos, anunciamos a organización do II Congreso *As Outras Protagonistas da Transición: Mobilizacións Sociais e Esquerda Radical*, que se realizará en Barcelona do 11 ao 13 de outubro de 2019.

Barcelona, marzo de 2018

Comité organizador: Ivan Bordetas, Pau Casanellas, Cristian Ferrer González, Joan Gimeno Igual, César Lorenzo Rubio, Ricard Martínez i Muntada, Carlos Ángel Ordás, Helena Saavedra Mitjans, Anna Sánchez Sorribes, Jordi Sancho, Josep Maria Solé Soldevila, Enrique Tudela Vázquez.

Comité Científico: David Beorlegui, Claudia Cabrero Blanco, Montse Cervera, Brice Chamouleau, Eva Fernández, Meritxell Ferré Baldrich, Enrique González de Andrés, Martí Marín, Sara Martín Gutiérrez, Jordi Mir Garcia, Justa Moreno, Mónica Moreno Seco, Pedro Oliver Olmo, Jaime Pastor, Pablo Sánchez León, Aránzazu Sarria Buil, Gonzalo Wilhelmi.

Colaborar: Fundació Salvador Seguí, Ateneu Popular de 9 Barris, Centre d'Estudis sobre Dictadures i Democràcies (CEDID-UAB), Centre d'Estudis sobre Moviments Socials (CEMS-UPF)



<https://congrestransicio2019.wordpress.com/>